



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2021/2022*

#### ANUNCIO

#### **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2021/2022**

Logo de elaborárense polo departamento de Educación do Concello as bases adxuntas, polas que se rexerá a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o estudo aos/ás estudantes matriculados/as durante o curso académico 2021/2022 e empadroados/as no municipio de Carral.

Logo de ver o informe emitido ao respecto o 20 de xaneiro de 2022 pola educadora social (técnica de Educación) do Concello, Beatriz Cabanas Lozano, no que expón:

“(…) 1.–Que dende a Concellería de Educación se ve necesario apoiar e axudar economicamente aos estudantes empadronados neste municipio.

2.–Que o obxecto desta convocatoria é establecer axudas complementarias para a financiación parcial de gastos ocasionados pola adquisición de libros de texto, material escolar, gastos de comedor escolar, transporte por estudos e gastos por pago de taxas e matrículas do alumnado matriculado en estudos de 2.º ciclo de educación infantil, de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares), ou dos estudos universitarios oficiais que se indican, durante o curso académico 2021/2022.

3.–Que para a convocatoria deste ano se decidiu realizar a solicitude ao Ministerio de Educación para que exista a posibilidade de que sea compatible a solicitude de ambas axudas. Este trámite farase dende o departamento de Educación unha vez estea publicada a convocatoria tal e como indicaron dende o MEC.

4.–E para que se poida levar a cabo esta convocatoria adxunto a proposta das bases en versión galega e castelán seguintes (…)

O obxecto destas axudas é establecer axudas complementarias para a financiación parcial de gastos ocasionados pola adquisición de libros de texto, gastos de comedor escolar, transporte por estudos e gastos por pago de taxas e matrículas do alumnado matriculado nos estudos de 2.º ciclo de educación infantil, de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares), ou dos estudos universitarios oficiais que se indican nas bases, durante o curso académico 2021/2022.

Visto o informe de fiscalización asinado pola Interventora do Concello o 14 de febreiro de 2022 no que conclúe que “(…) A vista do exposto, esta Intervención municipal ten a ben emitir as seguintes conclusións: A.–Na partida 2022.326.48003 do orzamento vixente existe nestes momentos crédito suficiente e dispoñible para facer fronte ao importe de gasto previsto. B.–A proposta de Bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral cumpren cos requisitos básicos sinalados na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Base 38 das de execución do orzamento de Carral para o exercicio 2021, que rexen no prorrogado de 2022. C.–O órgano competente para aprobar o gasto é a Alcaldía. Isto é o que teño a ben informar, se ben a corporación adoptará a decisión que estime oportuna.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, tendo en conta o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo, polo que deleguei na Xunta de Goberno Local, entre outras, as miñas atribucións correspondentes á aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía, e á aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE ADOPTE OS SEGUINTE ACORDOS:

1.–Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o estudo aos/ás estudantes matriculados/as durante o curso académico 2021/2022 e empadroados/as no municipio de Carral e que figuran Anexas a esta proposta.

2.–Autorizar o gasto por un importe máximo de 10.000,00 €.

3.–Continuar o procedemento segundo o indicado nas bases, mediante a publicación das bases e da convocatoria do concurso polos medios indicados naquelas (Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo de que o anuncio que se publique no devandito boletín oficial se poida inserir adicionalmente na páxina web do Concello – [www.carral.es](http://www.carral.es)- e nos taboleiros de edictos dos diferentes edificios municipais).

4.–A Intervención do Concello, en aplicación do establecido nos artigos 2.1.a), 3.1.c), 4 e 10.1.par 2.º do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, haberá de comunicar a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a publicación do extracto da convocatoria, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) LXS. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), e durante o período indicado na base V. das aprobadas.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

## **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2021/2022**

### **I.–OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

É obxecto destas bases regular a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o estudo aos/ás estudantes matriculados/as durante o curso académico 2021/2022 e empadroados/as no municipio de Carral.

O obxecto destas axudas é establecer axudas complementarias para a financiación parcial de gastos ocasionados pola adquisición de libros de texto, material escolar, gastos de comedor escolar, transporte por estudos e gastos por pago de taxas e matrículas do alumnado matriculado en estudos de 2.º ciclo de educación infantil, de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares), ou dos estudos universitarios oficiais que se indican, durante o curso académico 2021/2022.

### **II.–FINANCIAMENTO.**

O crédito para financiar as axudas reguladas nestas bases atópase contido no Orzamento do Concello de Carral para 2021, prorrogado para 2022, con cargo á partida 326.48003, por importe total de 10.000,00 €.

### **III.–PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS.**

III.1.–Poderán ser beneficiarios/as das axudas previstas nestas bases os/as estudantes nos que concorran os requisitos seguintes:

1.–Estando empadroados/as no concello de Carral, as persoas que se atopen nalgunha/s das circunstancias seguintes:

a) Estudantes de 2.º ciclo de educación infantil que cursen os seus estudos durante o curso 2021/2022 en centros de carácter oficial, públicos ou concertados.

b) Estar matriculados/as en calquera curso dos estudos de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares) durante o curso 2021/2022 nun centro de carácter oficial, público ou concertado.

c) Estar matriculados/as na formación profesional básica durante o curso 2021/2022 nun centro de carácter oficial, público ou concertado.

d) Estar matriculados/as durante o curso 2021/2022 en calquera curso das seguintes ensinanzas universitarias do sistema universitario español realizados en centros españois, públicos ou privados, con validez no territorio nacional: ensinanzas conducentes a títulos oficiais de Grao ou Mestrado/Máster (non Doutoramento); ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Diplomado/a, Mestre/a, Enxeñeiro/a Técnico/a e Arquitecto/a Técnico/a.

III.2.–Non poderá ser beneficiario das axudas ás que se refire esta convocatoria, nin os fill@s de persoal traballador das Administracións Públicas nin eles mesmos se son beneficiarios dalgunha axuda de calquera entidade Pública para o mesmo concepto.

4.–Estaren matriculados/as durante o curso 2021/2022 en calquera curso das seguintes ensinanzas universitarias do sistema universitario español realizados en centros españois, públicos ou privados, con validez no territorio nacional:

ensinanzas conducentes a títulos oficiais de Grao ou Mestrado/Máster (non Doutoramento); ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Diplomado/a, Mestre/a, Enxeñeiro/a Técnico/a e Arquitecto/a Técnico/a.

III.2.–Non poderá ser beneficiario das axudas ás que se refire esta convocatoria, nin os fill@s de persoal traballador das Administracións Públicas nin eles mesmos se son beneficiarios dalgunha axuda de calquera entidade Pública para o mesmo concepto.

III.3.–O Concello de Carral solicitará a compatibilidade destas axudas coa beca de estudos de educación postobrigatorios otorgados polo “Ministerio de Educación y Formación Profesional” para o curso académico 2021/22. Este trámite será realizado pola propia entidade local Concello de Carral e será informado no momento que se conceda/denegue por parte do Ministerio.

#### IV.–IMPORTE E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS.

En función do importe de cada liña de axuda, e á vista do número de solicitudes presentadas en convocatorias anteriores, realizarase a seguinte distribución das axudas:

**EDUCACIÓN INFANTIL:** destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 3.600 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 30 € por persoa beneficiaria e até un máximo de 70 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de 2.º ciclo de educación infantil e cuxas solicitudes teñan unha puntuación de cero ou superior. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a el, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito: calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en €.

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en €, até o máximo de 70 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en € X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente. Se, feitas tales operacións, non se esgotase o crédito, a cantidade sobrante poderase empregar nas seguintes alíneas de axuda.

**EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA/FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:** destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 3.000 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 40 € por persoa beneficiaria e até un máximo de 150 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de educación postobrigatoria/formación profesional básica. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a el, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito: calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en €.

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en €, até o máximo de 150 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en € X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente. Se, feitas tales operacións, non se esgotase o crédito, a cantidade sobrante poderase empregar na seguinte alínea de axuda.

**EDUCACIÓN UNIVERSITARIA:** destinarase ás axudas de tal liña, inicialmente, unha contía de 3.400 €. A contía das axudas que se establecen serán dun mínimo de 50 € por persoa beneficiaria e até un máximo de 200 € por persoa beneficiaria. O mínimo concederase a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos mínimos establecidos na base III en relación aos estudos de ensinanzas universitarias indicadas nesa base. Se restase crédito unha vez outorgado o mínimo ás persoas solicitantes que teñan dereito a el, para obter a contía adicional da axuda sobre o mínimo, correspondente a cada persoa beneficiaria, distribuirase a contía restante do seguinte xeito: Calcularase o valor do punto coa seguinte fórmula:

Crédito restante na alínea/total de puntos asignados ás persoas beneficiarias ás que se outorgase o mínimo=valor do punto en €.

O resultado convertirase na correspondente contía adicional en €, até o máximo de 200 €/persoa beneficiaria, de acordo coa seguinte fórmula:

Valor do punto en € X puntos outorgados a cada persoa beneficiaria, segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente.

Se, realizado o reparto nas tres alíneas segundo o indicado nos parágrafos anteriores, sobrase crédito de xeito global, os instrutores do expediente poderán propoñer de xeito motivado un segundo reparto de tales cantidades sobrantes entre as persoas que non chegasen ao máximo de axuda en cada alínea, en proporción directa ás respectivas puntuacións, até esgotar a partida global. Asemade, no caso de que, logo de realizarse o reparto nas tres alíneas segundo o indicado nos parágrafos anteriores, e a todas as persoas beneficiarias se lles tivese outorgado a axuda máxima prevista por beneficiario en cada alínea, os instrutores do expediente poderán propoñer de xeito motivado un reparto de tales cantidades sobrantes, superando as devanditas axudas máximas individuais previstas, en proporción directa ás respectivas puntuacións, até esgotar a partida global.

No caso de que nalgunha das alíneas, o número de solicitudes estimadas supuxese que non se pode chegar ao mínimo de axuda establecida por persoa beneficiaria, reduciranse todas elas liñalmente.

#### **V.-SOLICITUDES. Lugar, prazo de presentación e modelo.**

V.1.-As solicitudes dirixíranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Carral, podendo presentarse por calquera das formas sinaladas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP en adiante). Entre as formas indicadas, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carral (que actuará coma oficina de asistencia en materia de rexistros, segundo o artigo 16.4.c) LPACAP).

V.2.-O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

V.3.-As solicitudes acompañadas da documentación preceptiva formalizaranse no modelo normalizado de solicitude (Anexo I) asinado pola persoa solicitante (interesado-a/pai/nai/titor-a) no que se especificarán todos os datos establecidos nel. O modelo de solicitude será facilitado no Rexistro Xeral ou no departamento de Educación do Concello.

#### **• DOCUMENTACIÓN**

VI.1.-Xunto coa solicitude formalizada no devandito Anexo I, acompañarase a documentación seguinte, que deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

A).-En todos os casos:

A.1).-Copia dos DNI/NIF/NIE/PASAPORTE do/a estudante e tamén do/a pai/nai/titores (se o/a estudante fose menor de idade)

A.2).-Copia da matrícula ou documento oficial do centro que xustifique a condición de estudante da persoa para a que se solicita a axuda.

A.3).-Certificación bancaria da titularidade da conta na que se faría o ingreso en caso de resultar beneficiario/a da axuda.

B).-En caso de atoparse nalgunha das situacións que se indican, ademais, copias dos documentos seguintes:

B.1.).-Orfandade do/a beneficiario/a: partida de defunción do/a proxenitor/a e partida de nacemento da persoa beneficiaria, ou libro de familia no que figure a devandita orfandade.

B.2.).-Beneficiario/a fillo/a de separados legais ou divorciados á data da solicitude: certificado literal do matrimonio no que conste a devandita situación ou fotocopia da resolución xudicial de separación/divorcio.

B.3.).-Beneficiario/a fillo/a a cargo de solteiro/a sempre que non conviva co/a outro/a proxenitor/a: libro de familia ou partida de nacemento da persoa beneficiaria e certificado colectivo do padrón municipal.

B.4.).-Familia numerosa: título acreditativo de tal condición.

B.5.).-Discapacidade dun ou máis membros da unidade familiar: certificado ou tarxeta acreditativa da discapacidade e libro de familia.

B.6.).-Situación de desemprego de pai/nai/titor-a: libro de familia e documento de renovación da demanda de emprego da persoa que se atope nesa situación (DARDE).

C).-Para solicitudes relativas a Educación Infantil, ademais: C.1.).-Fotocopia do libro de familia.

C.2.).-Fotocopia da declaración da renda do ano 2020 dos pais/titores do/a beneficiario/a.

As unidades exentas desta obriga deberán presentar en caso de tela, a certificación negativa da Delegación de Facenda, e a seguinte documentación:

- Para os/as membros activos/as, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante o 2020.
- Acreditación, por calquera medio axustado en Dereito, de percibir algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social...).
- Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar a percepción de ingresos de ningunha outra maneira.

VI.2.–No suposto de que a documentación achegada non cumpra os requisitos, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falla ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, de conformidade co establecido no art.

68.1 LPACAP, terásea por desistida da súa petición nos termos indicados nese precepto legal.

VI.3.–Os certificados de empadramento (e, no caso de ser necesario o colectivo do solicitante), incorporárase de oficio ao expediente, a solicitude do departamento municipal de Educación.

#### • INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE E COMISIÓN DE VALORACIÓN

VII.1.–O Departamento de Educación do Concello encargárase da instrución do expediente, da revisión das solicitudes (e, no seu caso, da emisión dos requirimentos de emenda indicados na base VI.2) e de completalas coa documentación que sexa preciso incorporar de oficio segundo o indicado nestas bases. O Departamento de Educación do Concello realizará unha valoración preliminar das solicitudes e emitirá un informe ao respecto que, asinado pola técnica e pola Concelleira de Educación do Concello, se remitirá á comisión de valoración para o seu estudo e para a emisión da súa proposta de resolución.

VII.2.–A Comisión de valoración estará composta pola concelleira responsable da área de Educación, a técnica de Educación e a auxiliar administrativa de Intervención, actuando coma secretario o da Corporación ou funcionario/a que o substitúa (este último, aos sos efectos de fe pública, con voz e sen voto).

#### VIII.–CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

VIII.I.–ESTUDANTES DE 2.º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (máximo 20 puntos)

VIII.I.A).–SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (máximo 16 puntos).

1).–Número de membros da unidade familiar: Por cada membro da unidade familiar (entendida esta coma o pai, nai, irmán/á e persoa para a que se solicita a axuda): 0,25 puntos, cun máximo de 2 puntos.

2).–Condicións familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

a) Por orfandade dun proxenitor: 1 punto; dos dous proxenitores: 2 puntos.

b) Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude: 1 punto.

c) Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto. (Monoparental a efectos do anexo I)

d) Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.

e) Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.

f) Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto.

g) Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto.

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións.

VIII.I.B).–SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 4 puntos)

Neste apartado os puntos calcúlaos a táboa de baremación RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM:579,02 €) vixente para 2022:

Inferior ao 25% do IPREM ..... (inferior a 144,75 €)	+4 PUNTOS
Igual ou maior có 25% e inferior ou igual ao 50% do IPREM ..... (entre 144,75 € e 289,51 €)	+3 PUNTOS
Maior có 50% e inferior ou igual ao 75% do IPREM ..... (entre 289,51 € e 434,26 €)	+2 PUNTOS

Maior có 75% e inferior ou igual ao 100% do IPREM .....	+1 PUNTOS
(entre 434,26 € e 579,02 €)	
Maior có 100% e inferior ou igual ao 125% do IPREM .....	-1 PUNTOS
(entre 579,02 € e 723,77 €)	
Maior có 125% e inferior ou igual ao 150% do IPREM .....	-2 PUNTOS
(entre 723,77 € e 868,53 €)	
Maior có 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM .....	-3 PUNTOS
(entre 868,53 € e 1158,04 €)	
Superior ao 200% do IPREM .....	-4 PUNTOS
(superior a 1158,04 €)	

**VIII.II.-ESTUDANTES DE EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA/FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA****(Máximo 17 puntos)****VIII.II.A).-SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (Máximo 14 puntos)**

Condições familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

- Por orfandade dun proxenitor: 1 punto; dos dous proxenitores: 2 puntos.
- Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude: 1 punto.
- Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto. (Monoparental a efectos do anexo I)
- Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.
- Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.
- Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto.
- Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto.

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións.

**VIII.II.B).-LONXANÍA DO CENTRO DE ESTUDOS (máximo 3 puntos)**

Distancia entre o centro de estudos e o domicilio da persoa para a que se solicita a axuda (realizárase unha declaración responsable pola persoa solicitante e comprobarase polo departamento instrutor do expediente):

- De 0 a 16 km: 0,5 puntos.
- Maior ca 16 até 22 km: 1 punto.
- Maior ca 22 até 55 km: 2 puntos.
- Maior ca 55 km: 3 puntos.

**VIII.III.-ESTUDANTES DE EDUCACIÓN UNIVERSITARIA (SÓ ESTUDOS INDICADOS NA BASE III.1.4)****(Máximo 21 puntos)****VIII.III.A).-SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (máximo 14 puntos)**

Condições familiares da persoa para a que se solicita a axuda:

- Por orfandade dun proxenitor: 1 punto; dos dous proxenitores: 2 puntos.
- Fillo de separado/a legal ou divorciado/a na data da solicitude: 1 punto.
- Fillo de solteiro/a sempre que non conviva co outro proxenitor: 1 punto (monoparental a efectos do anexo I).

- d) Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.
- e) Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos, cun máximo de 6 puntos.
- f) Por estar en situación de desemprego o pai/titor: 1 punto.
- g) Por estar en situación de desemprego a nai/titora: 1 punto.

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar a documentación esixida na base VI que probe estas condicións.

#### **VIII.III.B).-LONXANÍA DO CENTRO DE ESTUDOS (máximo 3 puntos)**

Distancia entre o centro de estudos e o domicilio da persoa para a que se solicita a axuda (realizárase unha declaración responsable pola persoa solicitante e comprobarase polo departamento instrutor do expediente):

- a) De 0 a 16 km: 0,5 puntos.
- b) Maior ca 16 até 22 km: 1 punto.
- c) Maior ca 22 até 55 km: 2 puntos.
- d) Maior ca 55 km: 3 puntos.

#### **VIII.III.C).-NÚMERO DE CRÉDITOS DE MATRICULACIÓN NO CURSO 2021/2022 (máximo 4 puntos)**

- a) Até 25 créditos: 1 punto.
- b) Máis de 25, até 50 créditos: 2 puntos.
- c) Máis de 50 até 100 créditos: 3 puntos.
- d) Máis de 100 créditos: 4 puntos.

#### **IX.-RESOLUCIÓN E RECURSOS.**

IX.1.-Logo de instruírse o procedemento segundo o indicado nas bases e da fiscalización previa preceptiva da Intervención do Concello en relación coa proposta de resolución da Alcaldía (elaborada segundo a proposta de resolución emitida pola comisión de valoración indicada na base VII), a Alcaldía do Concello de Carral ditará a resolución que proceda no prazo de tres meses computado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes, e sempre antes do 31 de decembro de 2022. A resolución expresa comunicárase ás persoas interesadas mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Carral (art.45.1.b) LPACAP). Se transcorre o devandito prazo sen se ditar resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria, de conformidade co establecido no art. 24.1 LPACAP en conxunción co art. 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en adiante).

IX.2.-A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa, e contra aquela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o Sr. Alcalde do Concello de Carral, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña competente, no prazo e forma establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

#### **X.-XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO.**

X.1.-Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/07, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no receptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria, non se esixirá a presentación dunha xustificación adicional por parte das persoas solicitantes, ao acreditaren coa solicitude a condición de estudantes nos niveis de ensino correspondentes dos respectivos beneficiarios.

X.2.-O pagamento da axuda outorgada mediante a correspondente resolución, será ingresado na conta bancaria facilitada polas persoas solicitantes para tal fin. Todas as axudas están suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) segundo a normativa reguladora de tal tributo.

#### **XI.-OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.**

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlles que acrediten perante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou aproveitamento da axuda.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a persoa beneficiaria non realizou os estudos para os que se concedeu a axuda, podendo esixir certificación acreditativa de que os estudos se cursaron.

As persoas beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Carral e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información relativa ás axudas que lles sexa requirida.

#### **XII.-DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos subministrados polas persoas solicitantes teñen a finalidade de poder tramitar as solicitudes das axudas para o estudo aos/ás estudantes do Concello de Carral matriculados/as durante o curso académico 2021/2022 ás que se refiren estas bases e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Carral. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga ao Concello de Carral coa súa sinatura. O destinatario dos datos é o Concello de Carral, que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal (O Concello de Carral subministrará os datos esixidos legalmente, relativos ás axudas concedidas, á Base de Datos Nacional de Subvencións, e demais rexistros públicos que estableza a normativa aplicable). As persoas solicitantes teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante o Concello de Carral, Praza Campo da Feira, 1, 15175 - Carral (A Coruña).

#### **XIII.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

O réxime de infraccións e sancións será o establecido nos Títulos IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **XIV.-NORMATIVA.**

Para o non previsto nestas bases aplicaranse supletoriamente, en especial:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Carral para 2021, prorrogado para 2022.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe.

O alcalde-presidente

Francisco Javier Gestal Pose





## ANEXO I -SOLICITUDE

**CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN**

**AXUDAS AO ESTUDO**

**CURSO 2021  
2022**

CONCELLO DE CARRAL

**SOLICITUDE:**  INFANTIL  POSTOBRIGATORIA (BACH E CICLOS)  
(marcar con X)  UNIVERSIDADE  FP BASICA  OUTROS:

### DATOS DO SOLICITANTE (solicitante maior de idade, pai,nai,tutor)

NOME E APELIDOS

NIF:

DOMICILIO:

TELEFONO:

CORREO ELECTRÓNICO

### DATOS DO BENEFICIARIO/A (estudiante):

**PUNTOS**

NOME E APELIDOS:

CURSO

NOME DO CENTRO DE ESTUDOS:

LUGAR DO CENTRO DE ESTUDOS:

TIPO DE CENTRO

PÚBLICO

PRIVADO

OUTROS(cal):

DISTANCIA DO DOMICILIO AO CENTRO:

KM só ida

CRÉDITOS NO CASO DE UNIVERSITARIOS

### SITUACIÓN FAMILIAR

**PUNTOS**

Nº MEMBROS

ORFANDADE

SI

NON

nº proxenitores falecidos

SEPARACIÓN/DIVORCIO/VIUVEZ

SI

NON

MONOPARENTAL

SI

NON

FAMILIA NUMEROSA

SI

NON

DISCAPACIDADE

SI

NON

Nº membros con discapacidade

SITUACIÓN LABORAL DO PAI/TITOR

PARO

TRABALLANDO

SITUACIÓN LABORAL DA NAI/TITORA

PARO

TRABALLANDO

SITUACIÓN ECONÓMICA

SOLICITOU OUTRA AXUDA

SI

NON

En caso afirmativo decir tipo de axuda, entidade e importe

**TOTAL PUNTOS**

As zonas sombreadas son para cubrir polo Concello

**DECLARACION DA PERSOA SOLICITANTE**D/D<sup>a</sup> .....

solicitante/pai/nai/ titor/a do beneficiari@ da axuda aos estudos

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria para a que solicitan axuda

2.- Que os datos que se declaran son reais e en caso de non ser dará lugar á denegación da axuda

3.- Que está ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, co Concello de Carral e coa

Tesourería da Seguridade Social e autoriza ao Concello de Carral para obter as certificacións

das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas

que se acrediten tales extremos no momento de recoñecer as obrigas ordear os pagamentos das axudas.

4.- Que autoriza expresamente ao Concello de Carral para obter os certificados do padrón municipal

de habitantes necesarios para a tramitación do expediente

5.- Logo de ler a información en materia de protección de datos que figura a continuación,

consinto expresamente o tratamento de datos persoais que constan na solicitude .

Os datos subministrados polas persoas solicitantes teñen a finalidade de poder tramitar as solicitudes .

das axudas para o estudo aos/as estudantes do Concello de Carral matriculados/as durante o curso académico 2021/2022

ás que se refiren estas bases e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos

Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Carral.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga

ao Concello de Carral coa súa sinatura. O destinatario dos datos é o Concello de Carral, que non cederá datos a terceiros,

salvo obriga legal (O Concello de Carral subministrará os datos esixidos legalmente, relativos ás axudas concedidas,

á Base de Datos Nacional de Subvencións, e demais rexistros públicos que estableza a normativa aplicable.)

As persoas solicitantes teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a portabilidade

dos mesmos en calquera momento.

Estes dereitos poderán exercerse perante o Concello de Carral, Praza Campo da Feira, 1, 15175-Carral (A Coruña)

Carral, a.....de .....de 2022

Sinatura



CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN

CONCELLO DE CARRAL

AXUDAS AO  
ESTUDO CURSO  
2021  
2022

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA**                    marcar cun X o que se entrega

- Anexo da solicitude que se facilita nas oficinas municipais
- Copia do DNI/NIE/NIF/PASAPORTE do estudante e do pai, nai e/ou tutores se é menor de idade
- Copia da matrícula ou documento oficial do centro que xustifique a condición de estudante
- Certificado bancario de titularidade da conta no que ingresar a axuda en caso de concesión
- Orfandade: Partida de defunción d@ proxenitor/a e partida de nacemento da persoa beneficiaria ou libro de familia no que figure a devandita orfandade
- Separación legal/divorcio: Certificado literal do matrimonio no que conste a devandita situación ou fotocopia da resolución xudicial
- Beneficiari@ fill@ a cargo de solteir@ sempre que non conviva c@n él/ela outr@ proxenitor/a:
- Libro de familia ou partida de nacemento da persoa beneficiaria e certificado colectivo de padrón municipal
- Copia do título de familia numerosa en caso de telo
- Discapacidade dun ou máis membros da unidade familiar: Certificado ou tarxeta acreditativa e libro de familia
- Desemprego da nai/pai/titor/-a: Libro de familia e documento de renovación da demanda de emprego (Darde)
- Ademais, para Educación Infantil: Fotocopia libro de familia
- Ademais, para Educación infantil: fotocopia da declaración da renda 2020 de ambos proxenitores
- En caso de estar exenta de realizala, haberá que presentar:
  - Declaración negativa de Facenda
  - Para os membros activos, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante 2020
  - Acreditación por calquera medio axustado en dereito, de percibir algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social)
  - Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar a percepción de ingresos de ningunha outra maneira

Carral, 4 de abril de 2022.

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2022/1814